

**REGULAMENTO DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN
DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN**
(Aprobado no Consello de Goberno do 20 de xullo de 2006 e modificado no Consello de
Goberno do 28 de maio de 2015)

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1. Concepto de Instituto Universitario de Investigación
- Artigo 2. Réxime aplicable aos institutos universitarios de investigación
- Artigo 3. Clases de institutos universitarios de investigación
- Artigo 4. Funcións dos institutos universitarios de investigación

TÍTULO II: CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN

- Artigo 5. Solicitude de creación e memorias xustificativas
- Artigo 6. Informes preliminares
- Artigo 7. Aspectos que se deben valorar na proposta de creación de institutos universitarios de investigación
- Artigo 8. Tramitación no caso de institutos adscritos
- Artigo 9. Tramitación en caso de institutos interuniversitarios e concertados
- Artigo 10. Modificación, fusión e supresión

TÍTULO III: ORGANIZACIÓN DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

- Artigo 11. Membros dos institutos universitarios de investigación
- Artigo 12. Procedemento de incorporación de membros
- Artigo 13. Regulamento interno de funcionamento

SECCIÓN PRIMEIRA: DO GOBERNO E DIRECCIÓN DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN

- Artigo 14. Órganos dos institutos universitarios

SECCIÓN SEGUNDA: DO CONSELLO DO INSTITUTO

- Artigo 15. Composición do consello do instituto
- Artigo 16. Da elección dos membros do Consello
- Artigo 17. Funcións do Consello do Instituto

SECCIÓN TERCEIRA: DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO DO INSTITUTO

- Artigo 18. Do/a director/a do Instituto
- Artigo 19. Realización de eleccións a director/a de Instituto
- Artigo 20. Electores
- Artigo 21. Elixibles
- Artigo 22. Modo de se realizar o Consello de Instituto para a elección de director/a
- Artigo 23. Proclamación de candidato/a electo/a
- Artigo 24. Funcións do/a director/a do Instituto
- Artigo 25. Das funcións do/a secretario/a do Instituto

SECCIÓN CUARTA: DO RÉXIME ECONÓMICO

- Artigo 26. Réxime económico

TÍTULO IV: SEGUIMIENTO E CONTROL DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

- Artigo 27. Memoria anual de actividades

DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Tramitación de propostas de creación xa presentadas

DISPOSICIÓN ADICIONAL. Institutos universitarios de investigación actualmente existentes

DISPOSICIÓN FINAIS

ANEXO. Institutos universitarios de investigación actualmente existentes

REGULAMENTO DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN

Consonte o disposto no artigo 10.1 da Lei orgánica 6/2001, do 6 de decembro, de universidades (LOU), “*os institutos universitarios de investigación son centros dedicados á investigación científica e técnica ou á creación artística.*”

O artigo 19 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, establece que “Os institutos universitarios de investigación son centros dedicados á investigación científica e técnica, á innovación ou á creación artística. Poderán organizar e desenvolver programas e estudos de posgrao e mais proporcionar asesoramento técnico no ámbito das súas competencias. Rexeranse pola Lei orgánica de universidades, por esta lei, polos estatutos da universidade de que dependan, polo convenio de creación ou de adscrición, se é o caso, e polas súas propias normas”.

Pola súa banda, os artigos 14 a 17 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, dedícanse a regular os institutos universitarios de investigación canto ao seu concepto, funcións e clasificación. En concreto, o artigo 14 dos Estatutos conceptúa os institutos universitarios de investigación como “*centros dedicados á investigación científica e técnica ou á creación artística e á docencia especializada*”. Pola súa banda, no artigo 48 dos Estatutos aparece recollida a figura dos/das directores/as dos institutos universitarios de investigación. Trátase do único órgano de dirección e goberno dos institutos que se prevé nos Estatutos e na LOU, o que permite dotalos da máxima flexibilidade organizativa.

Co presente regulamento procúrase desenvolver a normativa vixente sobre institutos universitarios contida na LOU, na Lei galega 6/2013, nos Estatutos da Universidade da Coruña e nos acordos do Consello de Goberno, de xeito que queden recollidos os requisitos necesarios e o procedemento que se debe seguir para a creación, a modificación e a supresión dos institutos universitarios de investigación desta universidade.

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Concepto de Instituto Universitario de Investigación

1. Os institutos universitarios de investigación son centros dedicados á investigación científica e técnica, á innovación ou á creación artística. Poderán organizar e desenvolver programas e estudos de posgrao e mais proporcionar asesoramento técnico no ámbito das súas competencias
 1. Os institutos universitarios de investigación terán carácter multidisciplinar, unha función integradora de diversas áreas de coñecemento, unha función integradora de diversas institucións para levar a cabo os seus obxectivos e/ou un alto nivel de especialización científico-técnica.
 2. O ámbito de actuación dun instituto non poderá coincidir co dun departamento¹.

Artigo 2. Réxime aplicable aos institutos universitarios de investigación

Os institutos universitarios rexeranse polo establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, pola Lei 6/2013 ou norma que a substitúa, polos Estatutos da Universidade da Coruña, polo convenio de creación ou adscrición, no seu caso, polos acordos do Consello de Goberno e polo seu regulamento de réxime interno.

Artigo 3. Clases de institutos universitarios de investigación²

¹Artigo 14.2 dos Estatutos da UDC.

1. Os institutos universitarios de investigación poderán ser:
 - a. propios da Universidade da Coruña
 - b. interuniversitarios
 - c. adscritos á Universidade da Coruña
 - d. concertados.
2. Os institutos propios da Universidade da Coruña terán dependencia orgánica do Consello de Goberno.
3. A Universidade da Coruña poderá participar con outras universidades na constitución de institutos interuniversitarios de nova creación ou resultantes da fusión de institutos xa existentes, mediante os correspondentes convenios.
4. A adscrición de institutos universitarios farase mediante un convenio que subscriba a Universidade da Coruña coa entidade pública ou privada promotora do centro. A creación, a modificación e a supresión dos institutos universitarios adscritos serán acordadas pola Xunta de Galicia, por proposta do Consello de Goberno ou por propia iniciativa, co acordo do referido Consello e, en todo caso, logo do informe do Consello Social da universidade.
5. Os institutos concertados son aqueles creados en colaboración con organismos públicos ou privados, mediante un convenio en que se establecerá unha estrutura orgánica de relación coas entidades colaboradoras.
6. Os convenios a que se fai referencia nos números anteriores deberán incluír cando menos as seguintes mencións:
 - a. modalidades de cooperación económica e, no seu caso, técnica;
 - b. estruturas mixtas de dirección, coordinación e avaliación;
 - c. distribución da carga económica e, no seu caso, dos beneficios obtidos;
 - d. formas de intercambio de persoal docente e investigador e, no seu caso, de administración e servizos;
 - e. duración do convenio.

Artigo 4. Funcións dos institutos universitarios de investigación³

Son funcións dos institutos universitarios de investigación:

- a. a planificación e a execución de programas de investigación básica ou aplicada e, se for o caso, de creación artística
- b. a organización e o desenvolvemento de cursos especializados
- c. o asesoramento científico e técnico no ámbito da súa competencia
- d. a promoción e realización de contratos con persoas físicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, de acordo coa legislación vixente, cos Estatutos e coa normativa propia da Universidade da Coruña
- e. calquera outra función que as leis e os Estatutos lles atribúan.

² Artigo 16 dos Estatutos da UDC.

³ Artigo 15 dos Estatutos da UDC.

TÍTULO II

CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN⁴

Artigo 5. Solicitude de creación e memorias xustificativas

1. Sen prexuízo das funcións que o artigo 10 da Lei 6/2001, do 6 de decembro, de universidades, e a Lei 6/2013, do 13 de xuño, reguladora do sistema universitario de Galicia atribúen ao Consello Social, a proposta de creación dun instituto universitario poderá ser formulada ao Consello de Goberno da Universidade a través da vicerreitoría con competencias en materia de investigación, por un centro, un departamento ou un grupo de profesores da Universidade da Coruña pertencentes a máis dunha área de coñecemento, e deberá ir acompañada dunha memoria científico-administrativa e dunha memoria económica.
2. Na memoria científico-administrativa recolleranse, cando menos, os seguintes extremos:
 - a. Denominación, finalidade e obxectivos do Instituto.
 - b. Xustificación do interese da súa creación, que considerará en todo caso os seguintes aspectos:
 - O interese científico-técnico, social e económico do Instituto e a súa incidencia na comunidade.
 - O seu carácter multidisciplinar e/ou a súa especialización científica, detallando os servizos, os centros, os departamentos e as áreas de coñecemento afectados pola súa creación.
 - A insuficiencia doutras estruturas universitarias para acadar os obxectivos previstos. O ámbito de actuación do Instituto deberá estar claramente identificado e diferenciado a respecto do dos departamentos, centros ou servizos afectados pola súa creación.
 - c. Número, identificación e sinatura das persoas interesadas en seren membros do Instituto. O número non poderá ser inferior a doce doutores, que deberán estar inscritos no catálogo de investigación da UDC e pertencer ás categorías de catedráticos de universidade, profesores titulares de universidade, catedráticos de escola universitaria, profesores titulares de escola universitaria ou profesores contratados doutores, con dedicación a tempo completo e destino na UDC. Os proponentes achegarán o seu Currículo que demostre a súa orientación ao obxecto de investigación principal do Instituto, avalada pola concesión durante os últimos tres anos de proxectos de investigación con financiamento competitivo externo á UDC, ou convenios ou contratos con financiamento externo á UDC, e deberá estar en vigor cando menos un entre todos os proponentes. Os investigadores promotores que formen parte dun grupo de investigación ou unidade de investigación do catálogo deben achegar a conformidade da persoa coordinadora do grupo ou unidade. En caso de que a investigación dun promotor fora avaliada, por parte dalgún organismo ou axencia externa á UDC, ao longo dos últimos cinco anos, deberá achegar o informe de avaliación do investigador ou do grupo ou unidade á que pertence. Ninguén poderá actuar como proponente da creación dun instituto se xa for membro doutro. As persoas que, sen seren proponentes, aceptaren ser membros do Instituto, achegarán tamén o seu Currículo. Ninguén poderá achegar o seu Currículo para a creación dun instituto se xa for membro doutro.
 - d. Previsión das súas relacións de intercambio e de colaboración con outros centros e institucións.
 - e. Programación plurianual de actividades.

⁴ O artigo 17.1 dos Estatutos da UDC establece que a creación ou a supresión dun instituto se axustará ao recollido no artigo 12, que dispón que “a creación, modificación e supresión dos centros a que se refire o artigo anterior serán acordadas pola Xunta de Galicia, por proposta do Consello Social ou por propia iniciativa, co acordo do referido Consello e, en todo caso, logo do informe do Consello de Goberno da Universidade”.

- f. Proxecto de regulamento de réxime interno do Instituto en que se estableza a denominación, o obxecto, o emprazamento, as normas básicas de funcionamento e a adopción de acordos, o réxime económico e a estrutura organizativa e de goberno.
3. A memoria económica a tres anos que prevea os ingresos e os custos de implantación e de mantemento. Incluirá, xunto coa desagregación pertinente, o seguinte:
 - a. Os ingresos cos que vai financiarse o Instituto: contribucións da Universidade da Coruña, de entidades públicas e privadas, ingresos derivados de actividades propias, outros recursos.
 - b. Os gastos previstos: gastos de persoal, gastos correntes, de infraestrutura, equipamento e outros gastos de investimento.

Artigo 6. Informes preliminares

1. A proposta de creación dun instituto universitario de investigación, acompañada das correspondentes memorias xustificativas, será enviada á vicerreitoría competente en materia de investigación, que a enviará aos centros, departamentos ou servizos afectados pola eventual creación do Instituto, á Asesoría Xurídica e á Xerencia, que poderán informar durante un prazo de dous meses.
2. A Vicerreitoría someterá a proposta de creación do Instituto Universitario á información pública da comunidade universitaria.
3. Se como consecuencia destes trámites resultar a presentación de informes contrarios á creación do Instituto ou se sinalar a conveniencia de introducir modificacións, a vicerreitoría dará traslado destas aos promotores do Instituto, para que aleguen o que estimaren pertinente.
4. Á vista da información recibida, a Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno emitirá un informe, que poderá ser favorable ou contrario á creación do Instituto. Para a emisión do seu informe, a citada Comisión poderá formular as consultas que estimar pertinentes a persoas e entidades especializadas no ámbito previsto de actuación do Instituto.
5. No caso de informe favorable da Comisión de Investigación, o expediente de creación elevarase ao Consello de Goberno para que estude a documentación dispoñible e, se así o estimar, traslade a proposta de creación ao Consello Social para que continúe a tramitación a través das demais instancias que recolle a lexislación vixente, até a súa aprobación final, se proceder, polo Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.
6. O informe desfavorable da Comisión de Investigación, debidamente motivado, comunicaráselles aos propoñentes, que non poderán presentar unha nova proposta até que transcorrese un ano da anterior.

Artigo 7. Aspectos que se deben valorar na proposta de creación de institutos universitarios de investigación

A Comisión de Investigación, para a emisión do seu informe, valorará, cando menos, os seguintes aspectos da proposta de creación de institutos universitarios de investigación:

- a. Grao de autofinanciamento do Instituto e avaliación das necesidades de persoal, de locais e de equipamento, tendo en conta os recursos e os medios persoais e materiais existentes no momento da solicitude e os que serán necesarios para o acaído funcionamento do Instituto.
- b. Nivel científico-técnico, carácter interdisciplinar e especialización das actividades que vai desenvolver o Instituto.
- c. Posibilidade de levar a cabo tales actividades e de cumprir obxectivos semellantes a través doutras estruturas universitarias xa existentes, co fin de evitar a dispersión ou a duplicación dos recursos dispoñibles.



- d. Grao de interferencia coas actividades e cos programas docentes e de investigación dos centros, departamentos e servizos xa existentes.
- e. Interese social e económico do Instituto á vista das características e esixencias científicas, tecnolóxicas, socioeconómicas e culturais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f. Currículo dos promotores do Instituto e informes de avaliación externa dos promotores ou dos grupos ou unidades ás que pertencen, sendo obxecto de especial valoración a concesión de sexenios e a participación en proxectos, convenios e/ou contratos de investigación con financiamento competitivo externo á UDC, así como a capacidade de manter relacións con outras entidades públicas ou privadas.
- g. Adecuación das liñas de investigación ás prioridades temáticas dos programas de investigación a Unión Europea, do Estado Español e da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 8. Tramitación no caso de institutos adscritos

1. As solicitudes de adscrición como institutos universitarios de investigación de institucións ou de centros de investigación de carácter público ou privado deberán ir acompañadas dunha memoria científico-administrativa e dunha memoria económica, nos termos recollidos no artigo 3, que inclúa ademais o proxecto de convenio de adscrición.
2. As solicitudes de adscrición dun instituto seguirán os mesmos trámites e serán valoradas cos mesmos criterios que as propostas de creación. O expediente elevarase ao Consello de Goberno e ao Consello Social, continuando a tramitación a través das demais instancias que require a lexislación vixente.

Artigo 9. Tramitación en caso de institutos interuniversitarios e concertados

1. As solicitudes de creación ou de participación en institutos interuniversitarios ou concertados deberán ir acompañadas dunha memoria científico-administrativa e dunha memoria económica, nos termos recollidos no artigo 3, que inclúa ademais o proxecto de convenio entre as universidades ou as institucións públicas ou privadas promotoras. Canto ao número de persoas interesadas en seren membros, cando menos seis deben ser doutores pertencentes á UDC, nos termos sinalados no artigo 5, e o resto até cubrir o número mínimo esixido poderán pertencer ás universidades ou aos organismos públicos ou privados intervinientes.
2. As solicitudes de creación ou de participación nun instituto interuniversitario ou concertado seguirán os mesmos trámites e serán valorados cos mesmos criterios que as propostas de creación dos demais institutos. O expediente trasladarase ao Consello de Goberno e ao Consello Social, continuando a tramitación a través das demais instancias que require a lexislación vixente.

Artigo 10. Modificación, fusión e supresión

1. A modificación ou a fusión dun instituto con calquera outra entidade ou institución requirirá a elaboración dunha proposta que cumpra cos requisitos e co procedemento establecidos no artigo 5 deste regulamento.
2. O procedemento de supresión de institutos universitarios iniciarase por acordo do Consello de Goberno adoptado por algunha das seguintes causas:
 - Por proposta do Consello do Instituto.
 - Por ter cumprido os obxectivos ou fins inicialmente propostos.
 - Por considerar que o Instituto Universitario de Investigación xa non é a forma máis axeitada para lle dar cumprimento aos obxectivos ou fins inicialmente propostos.
 - Pola diminución do número de membros adscritos por debaixo do mínimo requirido para a súa creación que se manteña por tempo superior a un ano.
 - Por non presentar a memoria anual durante dous anos consecutivos.

- Pola falta de fontes de financiamento externo á UDC que resulten acaídas para o desenvolvemento do seu obxecto durante dous anos consecutivos, contados desde o remate do último proxecto, convenio ou contrato de investigación.
- Por non acadar os niveis de calidade mínimos esixibles nos procesos de avaliación.

O prazo poderá prorrogarse até seis meses se as solicitudes presentadas estiveren pendentes de resolución.

3. Cando o Consello de Goberno considerar conveniente a modificación, a fusión ou supresión dun instituto universitario de investigación dará audiencia ao Consello do Instituto, salvo que o acordo estea motivado na primeira das causas recollidas no apartado 2 deste artigo, e trasladará a proposta, coa correspondente memoria xustificativa, ao Consello Social, que decidirá, se o considerar acaído, a continuación da tramitación a través das demais instancias requiridas na lexislación vixente. No caso de supresión a proposta conterá a información sobre os órganos da UDC que se farán cargo dos proxectos ou actividades que estean en curso que sexan responsabilidade do instituto a suprimir.
4. No caso de institutos interuniversitarios, adscritos ou concertados a proposta de modificación ou supresión do Instituto esixirá a denuncia do convenio de creación por parte da UDC ou a modificación por acordo de todas as partes asinantes, acordada polo Consello de Goberno dando audiencia ao Consello do Instituto e logo do informe da Comisión de Investigación. O Consello de Goberno elevará a proposta, coa correspondente memoria xustificativa, ao Consello Social, o cal decidirá, se o considerar acaído, a continuación da tramitación a través das demais instancias requiridas na lexislación vixente.

TÍTULO III ORGANIZACIÓN DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

Artigo 11. Membros dos institutos universitarios de investigación

1. Poden ser membros dos Institutos Universitarios de Investigación:
 - a. Persoal docente e/ ou investigador da Universidade da Coruña, inscrito no catálogo de investigación da UDC, que se adscriba ao Instituto. Esta adscripción será por dous anos, renovándose tácitamente, agás renuncia da persoa interesada ou informe negativo do Consello do Instituto.
 - b. Tratándose de institutos interuniversitarios, adscritos e concertados, investigadores doutros centros públicos ou privados de investigación que colaboren co Instituto en virtude do correspondente convenio e nas condicións que nel se establezan.
 - c. Persoal investigador con cargo a convocatorias públicas nacionais ou autonómicas publicadas nos diarios oficiais, así como persoal bolseiro e contratado de investigación da UDC.
 - d. Persoal de administración e servizos, que poderá ser do cadro de persoal da Universidade ou contratado para programas específicos de investigación.
2. Ningún membro dos sinalados no apartado anterior poderá pertencer a máis dun Instituto Universitario aos efectos do establecido nas Seccións Segunda e Terceira deste Título III do presente regulamento, debendo optar, sempre a tales efectos, por aquel Instituto co que teña maior actividade ou afinidade.
3. O número de membros non poderá ser inferior a doce doutores pertencentes ás categorías de catedráticos de universidade, profesores titulares de universidade, catedráticos de escola universitaria, profesores titulares de escola universitaria ou profesores contratados doutores, con dedicación a tempo completo e inscritos no catálogo de investigación da UDC.



4. Os institutos universitarios de investigación poderán contar con membros honorarios e membros asociados nomeados entre investigadores alleos á UDC que se destacaran polas súas investigacións nas materias encadradas no ámbito de actuación do Instituto. Estes membros honorarios e asociados serán nomeados polo reitor por proposta do Consello do Instituto. Non contarán para o número mínimo de membros establecido no número 3 deste artigo e non serán membros do Consello do Instituto. Os membros honorarios serán personalidades de recoñecido prestixio internacional.

Artigo 12. Procedemento de incorporación de membros

A incorporación de membros aos institutos universitarios de investigación realizarase conforme ao seguinte procedemento:

- a. A solicitude deberá ser dirixida ao/á Director/a do Instituto, que lle dará traslado no prazo máximo dun mes ao Consello de instituto para que informe. Os investigadores que formen parte dun grupo de investigación ou unidade de investigación do catálogo deben achegar a conformidade da persoa coordinadora do grupo ou unidade.
- b. O informe motivado do Consello de Instituto será trasladado no prazo máximo de quince días á vicerreitoría competente en materia de investigación. Tanto o informe positivo como o negativo deberán motivarse suficientemente. A ausencia de informe no prazo sinalado entenderase como informe positivo.
- c. A vicerreitoría resolverá no prazo máximo dun mes. A resolución do/a vicerreitor/a de Investigación poderase recorrer en vía administrativa e perante a xurisdición contencioso-administrativa.
- d. A Secretaría Xeral da Universidade xestionará un rexistro en que figuren os membros de cada instituto. É responsabilidade do/a secretario/a de cada Instituto manter actualizada a información do rexistro.

Ademais, as unidades de investigación e os grupos de investigación do catálogo poderán estar adscritos a un instituto de investigación, segundo contempla o regulamento para o recoñecemento de grupos de investigación da UDC. Para iso é preciso que a persoa coordinadora ou a maioría das persoas integrantes do grupo ou unidade sexan membros do instituto. Un grupo ou unidade non poderá estar adscrito a mais dun instituto nin a un instituto e a un departamento simultaneamente.

Artigo 13. Regulamento interno de funcionamento

Os institutos universitarios de investigación disporán dun regulamento interno que será aprobado polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña, por proposta do Consello do Instituto.

SECCIÓN PRIMEIRA

DO GOBERNO E DIRECCIÓN DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN

Artigo 14. Órganos dos institutos universitarios

1. Os órganos unipersoais de goberno e de dirección do Instituto Universitario de Investigación son o/a director/a e o/a secretario/a.
2. O órgano colexiado é o Consello do Instituto.
3. Os institutos interuniversitarios, adscritos ou concertados poderanse dotar doutros órganos de goberno, colexiados ou unipersoais, tal e como se recolla no correspondente convenio. A estrutura deberá aproximarse no posible á dos institutos propios.





SECCIÓN SEGUNDA
DO CONSELLO DO INSTITUTO

Artigo 15. Composición do consello do instituto

1. Atendendo ao establecido no artigo 11, o consello do instituto comporase:
 - a. Do/a director/a, que o presidirá e o convocará, e do/a secretario/a.
 - b. De todos os profesores funcionarios dos corpos docentes universitarios e de todas as categorías de persoal docente e investigador contratado, tal e como se conteñen no artigo 69.2 e 3 dos Estatutos da UDC, que sexan membros do Instituto.
 - c. Unha representación do persoal investigador membro do Instituto con cargo a convocatorias oficiais e do persoal bolseiro e contratado de investigación da UDC, equivalente ao 24% do número total de membros do Consello.
 - d. Unha representación do persoal de administración e servizos adscrito ao Instituto, equivalente ao 5% do número total de membros do Consello.
2. As persoas representantes no Consello do Instituto serán elixidas por un período de dous anos.
3. A determinación do número de representantes que corresponde aos sectores de membros non natos será realizada pola Secretaría Xeral coa aprobación do censo definitivo, seguindo as proporcións sinaladas neste artigo.
4. En caso de cesamento de representantes, no prazo máximo dun mes o/a director/a do instituto cubrirá os postos cos candidatos que no último proceso electoral desenvolvido obtivesen un maior número de votos en cada sector sen acadaren representación. Se os non houber, os postos serán cubertos no seguinte proceso electoral, tras a expiración do mandato do consello de instituto, salvo que o número de novos postos para cubrir sexa superior á metade do número total de representantes de cada sector, en cuxo caso terán que se convocar eleccións parciais. O mandato dos representantes que así accedan ao Consello do Instituto non durará máis que o tempo de mandato que reste aos demais representantes.
5. En caso de incumprimento inustificado desta obriga polo/a director/a do instituto calquera persoa interesada poderá solicitar a intervención da Secretaría Xeral, que suplirá a actuación do/a director/a.

Artigo 16. Da elección dos membros do Consello

Tendo en conta o establecido no artigo 11, a elección dos representantes dos distintos sectores no Consello do Instituto realizarase mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto entre os colectivos correspondentes que pertencen ao Instituto, seguindo as normas electorais que para tal fin aprobará o Consello de Goberno.

Artigo 17. Funcións do Consello do Instituto

Son funcións do Consello do Instituto:

- a. Coñecer e, de ser o caso, aprobar a proposta do orzamento anual do Instituto.
- b. Coñecer e, de ser o caso, aprobar a memoria anual de actividades que será enviada á Reitoría.
- c. Propor a estrutura do Instituto.
- d. Informar sobre as solicitudes de adscrición dos membros do PDI.
- e. Coñecer e, se for o caso, aprobar a solicitude dos convenios e/ou contratos de investigación e docencia do Instituto, así como a sinatura destes.



- f. Responsabilizarse dos procedementos de avaliación do alumnado no caso de ter docencia.
- g. Propor ao Consello de Goberno a designación do director/a do Instituto elixido consonte o disposto neste regulamento, para o seu nomeamento polo/a reitor/a, así como a súa revogación.
- h. Asesorar o/a director/a do Instituto.
- i. Trasladar ao reitor as propostas de nomeamento dos membros honorarios que o axuden a cumprir os planos concretos de investigación. Este nomeamento será por dous anos, renovándose tacitamente, agás informe negativo do Consello do Instituto.
- j. Elaborar a proposta de regulamento de réxime interno, así como as súas modificacións, para a súa aprobación polo Consello de Goberno.

SECCIÓN TERCEIRA
DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO DO INSTITUTO

Artigo 18. Do/a director/a do Instituto

- 1. O/a director/a do Instituto Universitario de Investigación ten a representación deste e exerce a súa xestión ordinaria.
- 2. O convenio de creación ou adscrición dos institutos interuniversitarios, adscritos e concertados establecerá o procedemento de elección do/a director/a do instituto. En caso de omisión aplicarase o previsto neste regulamento para a elección e o nomeamento do/a director/a dos institutos propios da UDC.
- 3. Os/as directores/as dos institutos propios da Universidade da Coruña serán nomeados/as polo/a reitor/a por proposta do Consello de Goberno. A duración do seu mandato será de catro anos sendo reelixible por unha soa vez consecutiva.

Artigo 19. Realización de eleccións a director/a de Instituto

Son causas de cesamento que dan lugar á convocatoria de eleccións a director/a de instituto as seguintes:

- a. A expiración do límite establecido para o seu mandato.
- b. A perda da condición de elixible do/a director/a.
- c. O cesamento por petición propia.
- d. A moción de censura presentada por, cando menos, un terzo dos membros do Consello, con proposta de candidato alternativo, e aprobada por maioría absoluta. En caso de non obter esa maioría as persoas proponentes non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

Artigo 20. Electores

Nas eleccións a director/a de Instituto son electores todos os membros do Consello do Instituto.

Artigo 21. Elixibles

- 1. Nas eleccións a director/a de Instituto son elixibles os membros do Consello que sexan profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios que foren proclamados candidatos de forma definitiva.
- 2. A pesar do disposto no parágrafo anterior, poderán ser elixibles nas eleccións a director/a de Instituto os profesores contratados doutores, nos seguintes supostos:





- a. Cando ningún profesor doutor dos corpos docentes universitarios for proclamado candidato.
- b. Cando existindo candidatos profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios ningún deles obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello de instituto. Neste suposto, os profesores contratados doutores así proclamados candidatos só poderán resultar elixidos directores de instituto cando obtiveren, en segunda volta, o maior número de votos, que ademais deberá ser superior ao número de votos acadado polo profesor doutor dos corpos docentes universitarios máis votado primeira volta.

Artigo 22. Modo de se realizar o Consello de Instituto para a elección de director/a

1. O Consello do Instituto reunirse en sesión extraordinaria na data sinalada na convocatoria, e será presidida polo/a director/a en funcións, salvo que se presente como candidato/a, en cuxo caso será substituído/a polo membro de máis categoría e antigüidade na Universidade da Coruña presente no consello.

O/a presidente/a concederá un espazo de quince minutos a cada candidato/a para expor perante o Consello o seu programa e, a continuación, noutros quince minutos, responder as preguntas que lle formularen os membros do Consello. Finalizadas as intervencións procederáse á votación que será nominal e secreta.

2. Nesta sesión actuará como secretario a persoa que o for do instituto, salvo que se presente como candidato, en cuxo caso será substituído polo membro presente que designe o/a presidente/a.

Artigo 23. Proclamación de candidato/a electo/a

1. Será proclamado/a candidato/a electo/a quen en primeira volta obtiver o voto da maioría absoluta dos membros do Consello.
2. No caso de non haber ningún/a candidato/a que obteña a maioría absoluta, procederáse a unha segunda votación, en que resultará elixido/a o/a candidato/a que obtiver un maior número de votos, agás no caso de que se trate de profesoras/es contratadas/os doutoras/es, que deberán obter, ademais, un número de votos superior ao acadado en primeira volta polo profesor doutor dos corpos docentes universitarios máis votado, producíndose a votación nunha nova sesión extraordinaria do Consello tras a proclamación definitiva dos novos candidatos.

Artigo 24. Funcións do/a director/a do Instituto

Son funcións do/a director/a do instituto as seguintes:

- a. Convocar e presidir o Consello do Instituto, que deberá reunirse como mínimo unha vez ao ano.
- b. Executar os acordos adoptados polo Consello do Instituto e velar polo seu cumprimento.
- c. Organizar e coordinar, de conformidade co Consello, os medios persoais e materiais de que se dispoña para que se cumpran os obxectivos do Instituto.
- d. Elaborar o proxecto de orzamento e autorizar os gastos dentro das previsións deste.
- e. Presentar ao Consello a memoria anual das actividades desenvolvidas polo Instituto.
- f. Propor ao reitor de entre o persoal docente e/ou investigador do Instituto con dedicación a tempo completo na Universidade da Coruña o nomeamento e o cesamento do/a secretario/a.
- g. Todas aquelas tarefas que non estean expresamente atribuídas a outros órganos de goberno.

Artigo 25. Das funcións do/a secretario/a do Instituto

Son funcións do/a secretario/a de Instituto:

- a. Redactar a acta das sesións do Consello.
- b. Expedir as certificacións que lle correspondan e tramitar as respostas.
- c. Coidar o arquivo e a documentación do Instituto.
- d. Auxiliar o/a director/a do Instituto no desempeño do seu cargo.
- e. Exercer, por delegación do/a director/a, a coordinación do persoal adscrito ou contratado de administración e servizos do Instituto.

SECCIÓN CUARTA: DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 26. Réxime económico

1. Os institutos propios da Universidade da Coruña terán o seu orzamento integrado no orzamento xeral da Universidade, e a súa xestión económica e patrimonial rexerese polas normas xerais ou específicas que estableza a Universidade.
2. Os institutos propios deberán financiarse prioritariamente mediante contribucións das entidades públicas e privadas coas que asinen proxectos, contratos e/ ou convenios. A UDC achegará as cantidades que correspondan pola produción científica dos membros que así o solicitaren, así como un mínimo para gastos de representación, material inventariable e material funxible.
3. O financiamento e o réxime económico dos institutos interuniversitarios, adscritos e concertados será o establecido no convenio correspondente.

TÍTULO IV SEGUIMIENTO E CONTROL DOS INSTITUTOS UNIVERSITARIOS

Artigo 27. Memoria anual de actividades

1. A partir do primeiro ano de funcionamento, e durante o mes de xuño, cada instituto presentará na vicerreitoría con competencias en materia de Investigación unha memoria anual de actividades, na que se recollan os membros do Instituto, as actividades desenvolvidas, os proxectos, convenios e contratos financiados, as publicacións e traballos científicos levados a cabo e os ingresos e gastos efectuados durante o ano anterior. A citada memoria será examinada pola Comisión de Investigación, que a avaliará positiva ou negativamente segundo proceder, e dará conta disto ao Consello de Goberno. Aos efectos desta memoria, só computarán os méritos nos que o instituto estea explicitamente citado segundo o acordo do Consello de Goberno de 27 de febreiro de 2014 sobre directrices e recomendacións de filiación institucional para as publicacións de investigadores da UDC. Isto só será aplicación para os méritos aportados correspondentes a anos posteriores ao de aprobación da reforma deste regulamento.
2. Cada catro anos os institutos serán avaliados por unha entidade externa á Universidade da Coruña. O período a avaliar comprenderá os cinco anos anteriores ao ano no que se realice a avaliación. Con tal fin o instituto deberá aportar, no mes de xuño do ano en que se deba realizar a avaliación, unha memoria coa súa actividade de investigación no último quinquenio. Ademais, en caso de ser membros do instituto investigadores individuais do catálogo ou ben grupos ou unidades de investigación que se someteran a avaliación externa durante os últimos cinco anos. Os correspondentes informes de avaliación serán tidos

en conta no proceso de avaliación do instituto. Aos efectos desta avaliación, só computarán os méritos nos que o instituto estea explicitamente citado segundo o acordo do Consello de Goberno de 27 de febreiro de 2014 sobre directrices e recomendacións de filiación institucional para as publicacións de investigadores da UDC. Isto só será de aplicación para os méritos aportados correspondentes a anos posteriores ao de aprobación da reforma deste regulamento.

3. Se a avaliación for negativa, o instituto deberá presentar, nun prazo de 3 meses, un plan de mellora, e someterse a unha segunda avaliación ao seguinte ano. De reiterarse a avaliación negativa, aplicarase o recollido no artigo 10 sobre a supresión dos institutos.
4. Nos casos en que os institutos, pola súa natureza, teñan que acreditar a súa calidade investigadora mediante procedementos de avaliación externos, distintos dos habituais propostos pola UDC, realizados por institucións relevantes dende o punto de vista científico a nivel estatal ou europeo, o Consello de Goberno poderá considerar suficientes eses procedementos aos efectos da avaliación plurianual citada nos apartados precedentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL. Institutos universitarios de investigación actualmente existentes

1. . Aqueles institutos, xa existentes no momento de aprobación da reforma de este regulamento, que non foran sometidos a avaliación plurianual externa previa, deberán aportar a documentación para someterse a avaliación non mais tarde do 15 de outubro de 2015, segundo o artigo 27.3.
2. Cando o Consello de Goberno considere acaída a supresión dun instituto universitario de investigación dará audiencia ao Consello do Instituto ou, non existindo, ao/a Director/a do Instituto, e elevará a proposta, coa correspondente memoria xustificativa, ao consello social, de acordo coa normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAIS

1. Corresponderá ao/a vicerreitor/a de Investigación da Universidade da Coruña a facultade de interpretar o presente regulamento e ditar as pertinentes normas aclaratorias.
2. Aplicarase supletoriamente o regulamento electoral xeral en todo o que non estea contemplado no presente regulamento a propósito das eleccións aos órganos colexiados e unipersoais do Instituto.

ANEXO. Institutos universitarios de investigación actualmente existentes creados ao abeiro do artigo 10 da LOU

Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC) - concertado
Instituto Universitario de Ciencias da Saúde - concertado
Instituto Universitario de Estudos Europeos “Salvador de Madariaga” - propio
Instituto Universitario de Estudos Irlandeses “Amérigin” - propio
Instituto Universitario de Estudos Marítimos – concertado
Instituto Universitario de Medio Ambiente - propio
Instituto Universitario de Xeoloxía “Isidro Parga Pondal” - concertado

*DILIXENCIA para facer constar que o presente documento
composto de 13 páxina/s numerada/s e selada/s, foi
aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión de data
28 de maio de 2015*

O secretario xeral



Asdo. Carlos Amoedo Souto